

ANUNCIO

O día 26/05/2026 ditouse a seguinte Resolución con número 309/2026:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN PROPOSTA TRIBUNAL SELECCIÓN CONTRATACIÓN CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS (PEL 2026) E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

EXPEDIENTE: 2026/G003/000343

ANTECEDENTES:

Logo de ver as “Bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026)”, publicadas no BOP núm. 197 do 15 de outubro de 2025, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 01/04/2025 e publicadas na sede electrónica en data 06/04/2026 e o anuncio da convocatoria no diario “El Correo Gallego” o día 05/04/2026.

Logo de ver o Decreto 258/2026 de data 07/05/2026 e asunto “LISTAXE DEFINITIVA ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE (PEL 2026)”.

Logo de ver o resultado final do proceso de selección que consta na acta da Comisión Seleccionadora de data 20/05/2026 e a proposta que se formula:

“RESULTADO FINAL PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓN DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE (PEL 2026) por orde de puntuación a:

PUNTUACIÓN DE:	MÉRITOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
L. L., LUIS	1,80	14,00	3,00	18,80
C. L., ANTONIO	4,00	14,00	3,00	19,00
Q. S., ALFONSO	4,00	16,00	3,50	23,50
G. M., MÓNICA	1,20	13,00	3,20	17,40

PROPÓNSE PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEON DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE (PEL 2026) por orde de puntuación a:

1. Q. S., ALFONSO (**7354**)
2. C. L., ANTONIO (**8666**)
3. L. L., LUIS (**8352**)
- 4 G. M., MÓNICA (**7844**)

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a proposta formulada pola Comisión Seleccionadora, para a contratación por concurso oposición de 4 prazas de peón de obra e servizos mínimos para o Concello de Melide (PEL 2026) por orde de puntuación a:

- 1.- Q. S., ALFONSO con DNI n.º ***7354**
- 2.- C. L., ANTONIO con DNI n.º ***8666**
- 3.- L. L., LUIS con DNI n.º ***8352**
- 4.- G. M., MÓNICA con DNI n.º ***7844**

SEGUNDO: Requirit aos/á aspirantes propostos/a para que acrediten no prazo de 5 días naturais seguintes a aquel no que se lle requira, para que presenten no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

a) Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de TITULACIÓN; da documentación acreditativa de ter superados os estudos conducentes a obtención do certificado CELGA 1, así como dos orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos MÉRITOS alegados e valorados.

b) Declaración xurada de non estar afastado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. (ANEXO III)

c) Declaración xurada de non se achar incurso en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade. (ANEXO III)

d) Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatíbel co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

e) Declaración cesión datos persoais á Deputación (Anexo IV).

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos/á interesados/a.

CUARTO: Publicar a presente Resolución na sede electrónica.

Ordeno e asino en Melide, martes 26 de maio de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, martes 26 de maio de 2026.

Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas